

A patente do sol¹

Sara Rey Seoane²

A papá, que sempre nos deixou gañar as carreiras

A memoria é a retención afectiva do pasado

Vanesa Sotelo

Cadro primeiro

Non vivir a Guerra, non vivir a Transición.

Nacer na Democracia.

Abocada a esquecer.

FILLA.- O coche na casa sempre o levou papá. A mamá dáballle moito medo o coche. De feito, sempre que papá subía a velocidade, ela agarraba con forza esta especie de asa que teñen os coches por dentro nos asientos dianteiros, enriba da fiestra, esa que ninguén ten moi claro para que serve. Supoño que era unha toma de terra que a facía sentir máis segura. Era un Peugeot 307 gris, cun maleteiro enorme para poder facer as viaxes en familia sen ter problemas de espazo.

Co paso dos anos, cando mamá deixou de ocupar o sitio do copiloto, herdeino eu. Co paso dos anos, sorprendinme agarrándome a aquela asa máis dunha vez.

Co paso dos anos, papá cambiou de coche.

Era a primeira vez que o meu pai mercaba un coche branco, “Nunca na miña vida me imaxinara cun coche branco, co sucio que é...”. Mercou o Peugeot 3008 por varias razóns. A

primeira, o meu pai é un home de costumes, e como lle saíra moi ben o anterior, repetía. A segunda, porque necesitaba que fora automático... “Os coches automáticos son para a xente á que non lle gusta conducir”, dicía, ata que comprobou que gozaba conducindo igual que cando cambiaba marchas. A terceira, porque era un coche alto, e ía ser máis sinxelo para el poder subir e baixar. A cuarta, porque tiña moito espazo para poder adaptar o freo ao volante, porque cos ferros novos que lle fixeran para suxeitarlle as pernas non era capaz de facer o xogo de pés para cambiar de pedal.

Papá é a persona máis puntual que coñezo. Cando me leva en coche a calquera sitio sempre me di “Eu vou baixando, que vou máis lento”, e escoito a porta pecharse detrás dese aviso e a partir dese momento sei que teño aproximadamente dez minutos entre que baixa no ascensor, cruza a rúa, entra no garaxe, chega ao coche, deixa as muletas no asento traseiro, sube ao coche, sae do garaxe e vai á praza reservada para minusválidos do fondo da rúa antes de que empece a chamarme porque chegamos tarde. Son eu a que chega tarde, pero el quere ser puntual. Aparca sempre nas prazas

¹ Este texto resultou gañador do II Certame de microteatro da memoria 2022, que convoca anualmente a área de Memoria Histórica da Deputación de Pontevedra, en colaboración coa ESAD de Galicia. Con esta iniciativa, ambas institucións acordan fomentar a dramaturxia galega que aborde temas que sirvan para coñecer a sociedade previa ao golpe de Estado, as circunstancias do golpe, a ditadura, a represión, a resistencia ou a propia transmisión da memoria.

² Titulada pola ESAD de Galicia en Dirección escénica e Dramaturxia en 2022.

reservadas para minusválidos porque habitualmente están libres e son accesibles, ou sinxelamente polo poder que lle outorga ese anaco de cartolina azul plastificada. Reservados para minusválidos, o meu pai nunca tivo problema en chamarse así.

E chámalo discapacitado e non se alarma.

E chámalo persoa con mobilidade reducida pero dálle máis preguiza.

E chámalo persoa con diversidade funcional ou capacidades especiais e dálle a risa. El para resumir, sempre dixo “Prazas reservadas para *patucos*”.

Ata os doce anos viviamos nun terceiro piso. Sen ascensor. Papá subía de último porque sempre tardaba un pouquiño máis. Tiña unha amiga na primaria que cando viña á casa corría escaleiras arriba ata o terceiro porque dicía que lle daba “grima” ver como meu pai subía os chanzos, apoiándose no pasamáns coa man esquerda e no bastón coa dereita e claro, sen flexionar os xeonllos. O bastón que lembro que papá usaba antes de ter que levar dúas muletas, era de madeira escura e un puño con forma de cabalo ao que chamaba Silver.

Nunca antes me preguntara cal era a natureza de todo o que lle ocorrera ao meu pai, non me parara a pensar en que é común que nas nosas vidas coñezamos a alguén que coñece alguén que coñece a alguén que tivo poliomielite. Para min ver como o meu pai se desenvolvía perfectamente na súa vida cotiá a pesar do condicionante da mobilidade foi a consecuencia directa de que normalizara a súa condición totalmente.

Nunca me preguntara por que meu pai camiñaba diferente. Nunca me preguntara realmente que era a poliomielite.

Nunca lle preguntara se se lembraba de como comezou todo. Nunca lle preguntara como se sentía.

Cadro segundo

Atemporalidade nas ideas e nas formas. Sesenta e cinco anos de historia que non esquecen porque o corpo non esquece a violencia social, médica e política que se exerce sobre el. A negación, a lembranza e o descoñecemento.

En 2021, os afectados polo polivirus durante o franquismo, solicitan responsabilidade sobre a súa situación. Faráselles eco no Proxecto de Lei de Memoria Democrática.

VOCEIRO.- O réxime franquista non recoñeceu nunca que a poliomielite en España se convertera nunha situación epidémica. Ata 1958 non houbo un intento de acceder á vacina. Cando se fixo un aceno, todo quedou limitado ao papel.

HOME.- Eu non lembro nada, tiña catro meses. Sei o que me contou a miña nai, cando crecín. Ao principio tiven unhas décimas de febre. Que é moi habitual que os nenos teñan febre, os pequenos teñen febre moi a miúdo, dino todos os médicos. O médico da familia foi o que dixo, que era habitual e que non había que preocuparse.

VOCEIRO.- Disposición adicional undécima. Recoñecemento do sufrimento padecido polas persoas afectadas polo polivirus durante a ditadura. O Goberno quere esclarecer a verdade sobre a expansión da epidemia nos anos cincuenta do século XX. Implantación de medidas de carácter sanitario en favor das persoas afectadas pola polio, polos efectos tardíos da mesma e pola síndrome de pospolio.

HOME.- Despois da febre... ou mesmo durante a febre, eu que sei, miña nai dicíame que empezara a sentir rixidez en brazos e pernas, e nas costas. A día de hoxe non teño moi clara esa sensación de rixidez, nin como a miña nai sabía que eu a tiña con catro meses. Non lembro a dor nas articulacións cando tiña catro meses. Lémbrome agora, que o corpo ten memoria e aínda que pasaron sesenta e cinco anos... Bueno, lembro.

Non lembro a fatiga.

Non lembro quedar sen reflexos.

Non lembro estar en coma dúas semanas porque non podía respirar.

Non lembro as dubidasas operacións ás que me someteron para “tentar arranxarme”.

Non lembro que a miña nai me tivera que sedar para subir no barco que nos levou a Venezuela.

VOCEIRO.- Existe o deber de memoria de recoñecer a xusta demanda da verdade que reivindicán os afectados pola polio. Sufriron as consecuencias de decisións carentes de calquera mecanismo de transparencia. Non houbo control social democrático. O réxime ditatorial tiña o deber legal de actuación. Tiñan as competencias necesarias para facer fronte á pandemia da poliomielite. Evadiuse a realidade e provocouse o falecemento e o maltrato de nenos e nenas. Familias esnaquizadas. Nais con sentimentos de culpabilidade. Secuelas físicas agravadas co tempo.

HOME.- O que sinto... A ver. A sensación de terrexío que xera o rozamento dun coitelo metálico contra un prato de cerámica non vernizada ou... ou o calafrío que percorre dende a punta máis alta do noso corpo ata o recuncho máis agochado cando un xiz esvara contra a superficie dun encerado. Así se sente a fricción do meu fémur contra a miña rótula e desta contra a miña tibia porque xa non quedan meniscos nas miñas articulacións.

VOCEIRO.- A vacina descuberta por Sabin foi aprobada polas autoridades sanitarias norteamericanas en 1961. O científico polaco norteamericano renunciou aos seus dereitos de patente para que se difundira mundialmente o seu descubrimento.

“Moitos insistiron en que patentara a vacina, pero non quixen facelo. Este é o meu agasallo para todos os nenos do mundo”.

Sabin faleceu en 1992 sen ter recibido o Premio Nobel de Medicina. A vacina non chegou a España ata entrado o 1964.

HOME.- Foi como se lle cortaras os cables a unha lámpada que aínda está acesa. Deixa de dar luz, apágase, a conexión eléctrica deixa de ser un circuíto pechado. Unha vez esborrexín cunha tapa dun sumidoiro ao lado do colexio ao que levaba as nenas. Tiven un esguince en cada pé. Durante días non puiden levantarme da cama. Eu que sei... apagueime.

VOCEIRO.- O normal é que o recoñecemento se lles outorgue aos afectados e a descendentes de primeiro e segundo grao. Para lograr o recoñecemento do colectivo débese acreditar que a ocultación da enfermidade por parte do goberno de Franco foi por motivos políticos. Temos dificultade actualmente para calcular unha cifra exacta de afectados. Non podemos afirmar as causas pero nos anos de expansión do polivirus en España non houbo un rexistro dos casos padecidos.

HOME.- A pesar de todo levei sempre unha vida normal. A pesar das dificultades. A pesar das secuelas. A pesar da dor. Nunca me queixei, asumín a miña condición.

VOCEIRO.- A pauta completa da vacinación eran tres doses cun custo de entre tres e nove pesetas cada unha. O risco de contraer a enfermidade pasou a ser unha loita de privilexios.

HOME.- A miña nai non tiña cartos para vacinarnos. Nin a min nin ao meu irmán.

VOCEIRO.- En 1940, no *Boletín Oficial del Estado*, publícase a aprobación do Decreto para a construción do Valle de los Caídos.

HOME.- Eu collín polio no 57. Dous anos máis tarde emigramos a Venezuela porque quedamos sen nada.

VOCEIRO.- A inauguración, dezanove anos máis tarde, o 1 de abril de 1959, conmemora a “victoria” do bando sublevado.

HOME.- Tampouco tivo a oportunidade.

VOCEIRO.- A construción do “Valle de los Caídos” custoulle ao Tesouro Público máis de mil millóns de pesetas.

HOME.- Ao meu eu máis pequeno diríalle que a dor non é continuada.

VOCEIRO.- A erradicación da poliomeleite en España foi un proceso de vinte e cinco anos.

HOME.- Non boto de menos correr porque nunca souben o que se sentía.

Cadro terceiro

Querer saber.

FILLA.- Nunca lle preguntara se se lembraba de como comezou todo. Nunca lle preguntara como se sentía. E a pesar de todo o que pasara, nunca o vira chorar.

HOME.- Afeitei o bigote, viches? Quería un cambio.

FILLA.- Poucas veces lle preguntei ao meu pai sobre o que lle pasara.

HOME.- Agora cólleme o frío na cara. Mándoche unha foto?

FILLA.- Non era habitual que contestara.

HOME.- Ti non vaias coller frío, eh.

FILLA.- *Pa...* Lembras como comezou todo?

HOME.- Abrígate ben despois da ducha. E seca o pelo.

Silencio e achegamento.

FILLA.- Doe?

HOME.- Irei á fisioterapeuta o mes que vén, bloqueásame o ombreiro.

FILLA.- É polas muletas.

HOME.- Fixen un esforzo o outro día na aldea.

FILLA.- Papá non pide axuda a menos que sexa estritamente necesario.

HOME.- Cando veñas á casa a ver se movemos o moble da entrada.

FILLA.- *Pa*, a día de hoxe... doe?

HOME.- Fareille uns exercicios e se lle poño calor aguantando ata que me dean a cita.

FILLA.- A primeira vez que o meu pai escoitou falar da síndrome pospolio foi porque eu llo mencionei para saber máis.

HOME.- Con paciencia todo se consegue.

FILLA.- Sabías que a vacina entrou en España dous anos antes de que volverades de Venezuela?

HOME.- Leva máscara se vas entrar nun bar.

FILLA.- Lin que non entrou antes porque os médicos da falanxe non querían que chegara ao país unha vacina “comunista”, sabíalo?

HOME.- Non, antes non o chamabamos *bullying* pero tamén pasaba.

FILLA.- *Pa*, escóitame?

HOME.- Eu sabía que non podía escapar correndo e aprendín a defenderme con palabras.

FILLA.- Pensaches algunha vez como sería a túa vida sen a polio?

HOME.- O teu pai sempre foi moi listo.

Silencio e salto.

FILLA.- *Pa...*

HOME.- Dime, filla.

FILLA.- Voute levar ao teatro.

HOME.- Bueno... Ten bo acceso para *patucos*?

FILLA.- Mirei en *Google* e hai un sitio co teu nome na mesma porta.

Cadro cuarto

Non vivir a Guerra, non vivir a Transición.

Nacer na Democracia.

Abocada a non esquecer porque os medios de comunicación non o permiten. Non esquecer o que non queren que esquezamos.

FILLA.- Prendo a televisión, vai tempo que non vexo as canles habituais, senón as plataformas de contido dixital ás que estou suscrita. O telexornal dáme moitísima preguiza.

Vai tempo que me informo a través dos medios que eu decido.

Vai tempo que falamos a diario da covid como se fose a única preocupación do planeta. Vai tempo que sinto que ás veces non quero informarme.

Acendo unha destas plataformas de pago nas que se me vai gran parte dos aforros ao mes e a suxerencia na sección de “Para tí” é un documental sobre a covid 19.

Nas televisións, nos xornais, nas redes... os medios non nos deixan esquecer nin por un minuto. Como non podo deixar de pensar no condicionada que está a miña vida pola covid, poño o documental e chego a un testemuño dunha enfermeira que pide por favor á poboación que non dubide en vacinarse. Porque hai xente que decidiu negarse a recibir as dúas doses gratuítas da vacina. Buscan a inmunidade natural. Sen ser consecuentes, sen pensar en todo o que veu antes da covid. Porque non, a covid non foi nin é a única problemática do mundo.

Non son capaz de imaxinar ao meu pai negándose a poñernos á miña irmá ou a min a vacina da poliomielite. Nin a el nin aos máis de 40.000 afectados durante o franquismo que a día de hoxe aínda levan ás costas máis de 60 anos de vida condicionada polas secuelas da súa enfermidade. O meu pai decidiu non esquecer pero non dicirlle a ninguén que non esquecer, nin que lembraba. Ao meu pai había que pedirlle que falara pero non porque negara o que lle pasou, senón porque prefería gardar para el a inxustiza á que o sometiera un réxime ditatorial que preferiu gastar os seus fondos en edificar un cemiterio monumental. Preferiu iso antes que evitar que unha epidemia se estendera polo país.

A desmemoria histórica decidiu esquecer tanto a mortos como a enfermos. E mentres baleiramos gabias e exhumamos ditadores seguimos sen escoitar ás voces vivas, vítimas directas do réxime de Franco, testemuñas reais da violencia fascista que asolou o noso país na posguerra.

Nos anos sesenta, no noso país, ningunha nai saíría a aplaudir pola fiestra ás oito da tarde se tivera que ver ao seu fillo metido nun pulmón de aceiro loitando contra unha enfermidade de cuxa expansión se podería ter freado antes.

Existen, na vida do meu pai, dous tipos de dor. O desgaste físico, que empeorou cos anos; e o esquecemento, que tamén o trae o paso do tempo e non se pode paliar con analxésicos, nin con operacións de dubidosa natureza, nin con infiltracións de cortisona.

Existen, no corpo do meu pai, moitas lembranzas de dor. Máis das que lembra, mais todas as que sente.

Vigo. Novembro 2021.